



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)
correo@sansadurnino.dicoruna.es
R.E.L. n_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560-SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a modificación ou reformulación das Ordenanzas Fiscais que seguidamente se indicarán. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 258, do 8 de novembro de 2007, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícanse os textos íntegros desas Ordenanzas Fiscais, que son os seguintes:

ORDENANZA FISCAL Nº 15 **REGULADORA DA TAXA SOBRE A PUBLICIDADE**

Artigo 1.-

Ó amparo do previsto nos artigos 58 e 20 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este concello establece a Taxa sobre publicidade, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.-

Dito tributo gravará a utilización de columnas, carteis e outras instalacións de propiedade municipal (incluso pavillón polideportivo no que os carteis anunciadores deberán ter unhas dimensións mínimas de 1 metro cadrado), que se usen para exhibición pública de calquera tipo de anuncio, e tamén os que se exhiban en terreos dentro do termo municipal.

Artigo 3.-Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuínte os beneficiarios da publicidade, considerados como tales os industriais, comerciantes ou profesionais cuxos artigos, produtos ou actividades se dean a coñecer por rótulos ou carteis cuxa exhibición ou distribución este gravada por esta taxa.

Terán a condición de substitutos as empresas de publicidade, considerándose como tales, a efectos desta taxa, as que profesionalmente executen ou distribúan campañas publicitarias a través de carteis ou rótulos que teñan por obxecto dar a coñecer os artigos, produtos ou actividades das persoas ou entidades que as contraten para dita finalidade.

Artigo 4.-Exencións.

Estarán exentos desta taxa os rótulos e carteis relativos a publicidade de:

- a) Entidades benéficas ou benéfico-docentes.
- b) Organismos das administracións públicas, incluídas as corporacións locais.
- c) As asociacións sindicais.

Artigo 5.-Base imponible.

A base imponible desta taxa estará constituída pola superficie dos rótulos ou carteis expresada en metros cadrados, computándose en cada caso as fraccións que resulten, tanto por exceso coma por defecto.

Artigo 6.-Tarifas.

As cotas esixibles por esta taxa serán as seguintes:

1.- Para rótulos publicitarios a instalar no pavillón polideportivo municipal a que resulte de aplicar a cantidade de 100 € por metro cadrado/ano, que será a cota mínima da presente taxa, a cal

aumentarase na proporción na que o citado cartel ou rótulo exceda do metro cadrado.

2.- Para rótulos publicitarios a instalar noutros lugares a que resulte de aplicar a cantidade de 36 € por metro cadrado/ano, que será a cota mínima da presente taxa, a cal aumentarase na proporción na que o citado cartel ou rótulo exceda do metro cadrado.

Os efectos deste tributo, reputará publicidade exterior a realizada mediante rótulos ou carteis situados nas fachadas, cerramentos, postes, farolas, ou columnas dos centros urbanos ou no campo, dentro do termo municipal.

3.- As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 7.-Devengo ou Pago.

O tributo devengarase por primeira vez no momento de concederse a oportuna autorización municipal, para a colocación, distribución ou exhibición dos rótulos ou carteis. A permanencia destes entenderase prorrogada si o vencemento da anualidade non se solicita a súa anulación polo interesado.

O pago farase efectivo, a primeira vez cando se notifique o suxeito pasivo a autorización correspondente xunto coa cantidade a satisfacer durante o primeiro ano, e en períodos sucesivos farase anualmente, nos prazos que se establezan o efecto, aprobándose pola Xunta de Goberno Local, si fose o caso, o correspondente padrón de contribuintes que se exporá o público polo espacio de **quinze días**, e noutro caso por notificación individual a cada ún dos contribuintes.

Artigo 8.-Infraccións e Sancións.

En todo o relativo a acción investigadora da taxa, infraccións tributarias e demais, estarase o disposto pola lexislación vixente para estes casos.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.